

O BONECO DE CRISTAL

Colle o seu café. Colle unha libretiña nova da mesa. Sae da cociña. No salón de estar atópase o seu piano. Mira o boneco enriba do piano e sorrí. Deixa o café e maila libreta xunto a el e senta no banco.

Andrea levanta cun sorriso a tapa que cobre as teclas do piano, coloca as follas diante e comeza a tocar.

A música suave comeza a invadir o lugar, rodeándoa, facéndolle lembrar.

Mentres toca a súa mirada vaise ao boneco que ten diante. Fora un agasallo da súa avoa fai anos. Lembrábase dese momento. Un boneco pequeno pequeno feito de cristal, un cristal sucio, sen pulir, totalmente artensán. E precisamente era iso o que o facía tan especial, tiña imperfeccións, era único. Pero un rostro nel era claramente visible para os ollos de Andrea. Un rostro que parecía sorrille como tantas veces fixera o da súa avoa cando a escoitaba tocar.

Unha nota discordante interrompeu os seus pensamentos. Sempre cometía o mesmo erro na mesma parte. Era frustrante. Tentouno de novo, pero a melodía negábase a saír.

Andrea deixouno, levantou os dedos do piano e colleu o café. Os seus ollos foron ao boneco, buscando a súa mirada, coma se de verdade fose unha persoa. Frustrada buscou neles algún sinal, algunha pista. Só semellaba estar sorrindo, e nin sequera, porque non deixaba de ser un cristal moldeado. Andrea sabía, pero para ela significaba máis.

A nada estivo de erguerse e deixar o piano por aquel día. Pero unha última mirada fugaz ao boneco e despois a libreta fixéronlle cambiar de opinión.

Colleu a libretiña e abriuna polo comezo. Unha primeira páxina, branca de todo, baleira. Espazo en branco na folla e unha dúbida na mente de Andrea: Que poñer?

Tras uns longos minutos mirando para el, comezou a escribir. Primeiro palabras soltas, logo oracións, ideas. Estas convertéronse en pensamentos, dúbidas, problemas.

Deixándose levar polos seus pensamentos a súa libreta deixou de estar baleira. E ser darse conta as palabras comezaron a ser substituídas por notas musicais.

Andrea, concentrada e satisfeita polo resultado que estaba tendo e aínda dubidando, levou unha man de novo ás teclas do piano, sentindo a mirada da figuríña de cristal sobre ela, expectante.

A lenta melodía volveu inundar o salón da casa. Delicadamente saíndo dos dedos que pulsaban as teclas correctas. O boneco parecía sorrirle á rapaza, como levado pola música. Os erros que cometeu solucionounos no momento, deixando fluír todos os seus sentimentos a través deles.

Unha vez rematou e os sons do piano acabaron, Andrea suspirou aliviada, liberada de todo o que antes lle pesara. A pesar de que a melodía parase, parecía seguir envolvendo o lugar.

Andrea colleu de novo a libreta e leu os seus pensamentos e o que fixera con eles: aquela preciosa combinación de sons que seguía resoando no seu maxín.

Pechou a libreta e sorrindo mirou de novo ao boneco, como o seu apoio. Este devolveullo igual de feliz ca ela. Mentalmente rememorou á súa avoa, agradecéndolle todo o que fixera por ela e seguía axudándoa en momentos coma aqueles.

Volveu deixar a figuríña enriba do seu instrumento e coa libreta, agora ben aproveitada, meteuse na cociña rematando co café.

-Lisístrata